



Guía Docente				
Datos Identificativos			2021/22	
Asignatura (*)	Prácticas Externas (Prácticum)	Código	710G02052	
Titulación				
Descriptorios				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Cuarto	Obrigatoria	12
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	ComputaciónHumanidades			
Coordinación	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Profesorado	Ameneiros Rodríguez, María Rocío	Correo electrónico	rocio.ameneiros@udc.es	
Web				
Descrición xeral	A realización de prácticas externas permite o contacto do alumnado co ámbito laboral, coñecendo a realidade das unidades de información, os seus profesionais e usuarios. -Para a súa realización, tal como figura na Memoria do Grao de Información e Documentación, o/a estudante debe ter aprobados 180 ECTS. -O marco legislativo do Practicum recóllese no Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/as estudantes universitarios/as. Neste documento defínense os deberes e dereitos do alumnado, do/a titor/a de prácticas, así como os mecanismos de avaliación e seguimento.			



Plan de continxencia

1. Modificacións nos contidos

Non se realizarán cambios

2. Metodoloxías

* Metodoloxías docentes que se manteñen

- Traballos tutelados

* Metodoloxías docentes que se modifican

- Sesión maxistral. Mantense a metodoloxía e realizárase mediante Teams.

- Prácticas de laboratorio

A modificación que se describe a continuación está baseada na proposta do documento "Medidas para la finalización del curso académico 2019-2020 y asegurar la calidad docente ante la situación excepcional provocada por la covid-19". Serán tidas en conta tamén as medidas concretas relativas ás prácticas curriculares adoptadas pola Universidade da Coruña durante o curso 2021/2022.

Manteranse as prácticas na modalidade presencial sempre que se garanta que se respectan os parámetros que as autoridades sanitarias requiren. Garantírase que a entidade manteña o plan de formación e titoría coas adaptacións que as circunstancias poidan requiren.

Se non se poden respectar as condicións indicadas, as prácticas deben ser interrompidas e poderán recuperarse noutro período unha vez que se poidan restablecer as condicións para o seu desenvolvemento normal. Garantírase que a entidade manteña o plan de formación e titoría coas adaptacións que as circunstancias poidan requiren.

Se as condicións indicadas no primeiro suposto non existen e a súa recuperación non é factible nun período posterior, consideraranse rematadas. Permitírase a avaliación do alumnado que teña completado o 50% das horas inicialmente previstas. No caso de que o número de horas prácticas realizadas polo/a alumno/a non chegue a este 50%, o Decanato en coordinación co/coa titor/a académico/a poderá autorizar a avaliación sempre que se garantice que se acadaron os obxectivos formativos previstos e as competencias asociadas coa materia. Con este propósito, as actividades de avaliación previstas inicialmente nos programas poden modificarse, completándose con novos traballos, proxectos, resolución de casos prácticos e outras actividades similares.

3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado

? Correo electrónico. Atención continua para resolver dúbidas e facer o seguimento do avance.

? Teams. Realización de sesións de resolución de dúbidas do alumnado baixo demanda.

? Campus Virtual. Utilízase para enviar mensaxes de difusión ao alumnado e para recoller a memoria de prácticas.

4. Modificacións na avaliación

A avaliación so se modifica no caso de que o número de horas prácticas realizadas polo/a alumno/a non chegue a este 50%. Neste caso, o Decanato xunto co/coa titor/a académico/a do alumnado decidirán se a avaliación se realiza coas horas efectivamente realizadas ou se lle solicita ao alumnado a realización de actividades complementarias.

A realización fraudulenta das prácticas ou da memoria implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación.

5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía

Non se realizarán cambios. Todos os materiais de traballo están dispoñibles no Campus Virtual.



Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
1. Aplicar os coñecementos de carácter teórico e práctico adquiridos no Grao.	A1 A3 A4	B2 B4 B5	C1 C3 C5 C8 C11 C12
2. Describir, analizar e valorar a estrutura, funcións e servizos do centro no que se desenvolven as prácticas.	A2 A6	B1 B3 B7	C2 C6
3. Coñecer os sistemas e programas de xestión documental do centro.	A5	B6 B9	
4. Adquirir metodoloxías e hábitos de traballo, así como criterios de actuación en situacións reais.	A7		C15
5. Identificar, analizar e resolver os problemas dos usuarios reais.		B8	C4 C10 C13 C14 C17 C19 C20
6. Traballar en equipo, asumindo responsabilidades e participando na resolución de problemas.	A8		C7 C9 C16 C18

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Introducción	1.1. Carácter e obxecto das prácticas
2. Pautas para a realización das prácticas	2.1. Requisitos 2.2. Normas de actuación nos centros de prácticas
3. Xestión das prácticas	3.1. Selección de centros por parte da Facultade 3.2. Presentación dos centros 3.3. Distribución do alumnado 3.4. Tramitación de convenios por parte da Facultade
4. Pautas para a elaboración da memoria final de prácticas	4.1. Explicación teórica 4.2. Guión da memoria final de prácticas
5. Prácticas	5.1. Presentación do alumnado 5.2. Desenvolvemento das prácticas
6. Presentación de informes e memorias	6.1. Informes dos/as titores/as dos centros 6.2. Memorias finais dos/as alumnos/as 6.3. Avaliación global

Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20	4	38	42
Prácticas de laboratorio	A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19	0	250	250
Sesión maxistral	A1 A3 A4 A8 B4 C6 C8	6	0	6
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ao finalizar o período de prácticas, cada alumno/a presentará á titora académica unha memoria de prácticas na que describa de forma detallada as tarefas e actividades realizadas, así como unha reflexión sobre a formación recibida. Dita memoria elaborárase seguindo as pautas formais e de contido indicadas pola titora académica.
Prácticas de laboratorio	Prácticas desenvolvidas polo alumnado nas unidades de información coas que a UDC ten convenio. O traballo dos/as alumnos/as estará supervisado pola titora académica (profesora da Facultade) e o/a titor/a profesional (persoa responsable do centro).
Sesión maxistral	Exposición oral por parte da profesora, complementada co uso de medios audiovisuais, coa finalidade de transmitir a información fundamental referida ás prácticas: procedementos, deberes e dereitos do alumnado, sistema de avaliación, titorización, etc.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Resolver dúbidas, ampliar formulacións e suxerir distintas formas de traballo que axuden ao alumnado na súa aprendizaxe.
Traballos tutelados	Seguimento personalizado e constante de cada unha das tarefas desenvolvidas polos/as alumnos/as.
Prácticas de laboratorio	Este tipo de atención terá especial peso no traballo tutelado (memoria), para o cal a profesora irá marcando as pautas a seguir en cada caso, podendo propoñer as variacións ou modificacións necesarias. Na medida do posible, intentarase facilitar a atención personalizada ao alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Traballos tutelados	B1 B2 B3 B5 B6 B7 C1 C7 C10 C11 C15 C20	Memoria final de prácticas. Entregarase na data indicada pola profesora. Non se avaliarán os traballos presentados fóra de prazo, con faltas de ortografía ou aqueles que incumpran as indicacións prescritas para a súa elaboración.	50
Prácticas de laboratorio	A2 A5 A6 A7 B8 B9 C2 C3 C4 C5 C9 C12 C13 C14 C16 C17 C18 C19	Informes do titor do centro no que se realicen as prácticas.	50



Observacións avaliación

-A avaliación das prácticas queda regulada polo establecido nos artigos 13, 14 e 15 do Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos/das estudantes universitarios/as: "El tutor de la entidad colaboradora realizará y remitirá al tutor académico de la universidad un informe final, a la conclusión de las prácticas, que recogerá el número de horas realizadas por el estudiante y en el cual podrá valorar los aspectos referidos, en su caso, tanto a las competencias genéricas como a las específicas, previstas en el correspondiente proyecto formativo". "El estudiante elaborará y hará entrega al tutor académico de la universidad una memoria final, a la conclusión de las prácticas". "El tutor académico de la universidad evaluará las prácticas desarrolladas de conformidad con los procedimientos que establezca la universidad, cumplimentando el correspondiente informe de valoración". -A elaboración e entrega da memoria axustarase ás pautas formais e de contido indicadas pola profesora, así como aos prazos establecidos. -Requisitos imprescindibles:--Para superar a materia é necesario aprobar cada unha das partes que compoñen a metodoloxía de traballo da mesma, é dicir, se un/unha alumno/a non supera o traballo tutelado non se lle avaliarán as prácticas e viceversa. -A realización fraudulenta das prácticas ou da memoria implicará directamente a cualificación de suspenso '0' na materia na oportunidade correspondente, invalidando así calquera cualificación obtida en todas as actividades de avaliación.

Fontes de información

Bibliografía básica	As fontes de información que o alumnado necesite serán facilitadas pola titora académica.
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías